



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

# TRABALLO DE FIN DE GRADO

## GRADO EN FISIOTERAPIA

**“Efectividade dun programa de fisioterapia sobre o equilibrio e a marcha para nenos e nenas con distrofia muscular de Duchenne”**

*“Effectiveness of a physical therapy program about balance and gait for children with Duchenne muscular dystrophy”.*

*“Efectividad de un programa de fisioterapia sobre el equilibrio y la marcha para niños y niñas con distrofia muscular de Duchenne”*



Facultade de Fisioterapia

**Alumna:** Andrea García Ramilo

**DNI:** 79.346.655 J

**Titora:** Dra. Verónica Robles García

**Convocatoria:** Xuño 2022

## **AGREDECIMENTOS**

*En primeiro lugar, gustaría me comezar estas liñas dando as grazas a Verónica Robles García, titora deste traballo de fin de grao, por asesorarme na realización deste proxecto e por motivarme en todo este proceso.*

*Por outra banda, dar as grazas aos meus pais, á miña curmá e á miña madriña por acompañarme durante este camiño universitario, por apoiarme en todas as miñas decisións e por confiar en min en todo o que me propoño. Agradecer a María Roo, por estar ao meu lado nos mellores e peores momentos que vivimos durante a carreira e, non podo esquecerme do meu gran apoio Sara Garda, por ser a miña amiga e compañeira de vida. Por suposto, moitas grazas, aos meus amigos/as que me acompañaron neste longa etapa.*

*Tamén teño que darrlle as grazas ao Servizo de Normalización Lingüística da universidade da Coruña e a Alejandro Quintenla, por orientarme e encarrilarme en diversos aspectos deste proxecto.*

*Por último, agradecer á fisioterapia por ensinarme moitos valores e a crecer como persoa.*

## Índice

1	Resumo idioma oficial estruturado .....	7
2	Abstract (structured).....	8
3	Resumo noutro idioma oficial estruturado .....	9
4	Introducción .....	10
4.1	Tipo de traballo .....	10
4.2	Motivación persoal .....	10
5	Contextualización.....	10
5.1	Antecedentes .....	10
5.2	Epidemioloxía e etioloxía .....	11
5.3	Manifestacións clínicas .....	12
5.3.1	Debilidade muscular.....	12
5.3.2	Fatiga muscular.....	13
5.3.3	Déficits de equilibrio .....	13
5.3.4	Alteracións no patrón de marcha.....	14
5.3.5	Problemas ortopédicos, cardíacos e respiratorios .....	17
5.4	Nivel de participación, ámbito educativo e calidad de vida .....	17
5.5	Manexo nos pacientes con enfermedade de Duchenne .....	18
5.5.1	Terapia con corticosteroides .....	19
5.5.2	Manexo respiratorio e cardíaco .....	20
5.5.3	Programas de fisioterapia .....	20
6	Xustificación del traballo.....	22
7	Pregunta de investigación .....	23
8	Hipótese e obxectivos .....	24
8.1	Hipóteses .....	24
8.1.1	Hipótese nula .....	24
8.1.2	Hipótese alternativa .....	24
8.2	Obxectivos: xeral e específicos .....	24
8.2.1	Obxectivo xeral: .....	24
8.2.2	Obxectivos específicos:.....	24
9	Metodoloxía.....	25
9.1	Estratexia de busca bibliográfica .....	25
9.2	Ámbito de estudo .....	26
9.3	Período de estudo .....	26
9.4	Tipo de estudo .....	26

9.5	Criterios de selección .....	26
9.6	Xustificación do tamaño da mostra.....	27
9.7	Selección da mostra.....	27
9.8	Descripción das variables que se van a estudar.....	28
9.9	Medicións e intervención.....	30
9.9.1	Medicións .....	30
9.9.1.1	Descripción de los instrumentos de valoración.....	30
9.9.1.2	Protocolo de avaliación .....	35
9.9.2	Intervención .....	39
9.9.2.1	Descripción dos instrumentos de intervención .....	39
9.9.2.2	Protocolo de intervención.....	42
9.10	Análise estatística dos datos .....	50
9.11	Limitacións do estudo.....	51
9.12	Cronograma e plan de traballo .....	51
9.13	Aspectos ético-legais .....	54
9.14	Aplicabilidade do estudo .....	54
9.15	Plan de difusión dos resultados.....	55
9.16	Memoria económica.....	56
10	Bibliografía.....	58
11	Anexos .....	65

## **Índice de táboas:**

Táboa 1. Variables a estudar.....	28
Táboa 2.Instrumentos de valoración.....	30
Táboa 3. Colocación dos electrodos na EMG de superficie (70) .....	37
Táboa 4. Protocolo estandarizado para a avaliación do rango de movemento (67).....	38
Táboa 5.Músculos valorados con respecto ao rango articular e a forza muscular (62,73) ....	39
Táboa 6. Progresión dos exercicios de equilibrio.....	47
Táboa 7. Cronograma e plan de traballo .....	53
Táboa 8.Memoria económica .....	57

## **Índice de figuras:**

Figura 1. Equipo de electromiografía y electrodos.....	34
Figura 2. AFOS .....	40
Figura 3. Tapiz rodante .....	41
Figura 4. Protocolo de intervención .....	43
Figura 5. Exercicios de equilibrio.....	47
Figura 6.Exercicios de Core.....	49

## Índice de abreviaturas:

- **DMD:** distrofia muscular de Duchenne
- **EMG:** electromiografía
- **CEE:** Colexio de Educación Especial
- **Avds:** Actividades Básicas da Vida Diaria
- **CPK:** Creatina-Cinasa
- **KAFO** Knee-Ankle-Foot Orthosis
- **AFO:** Ankle-Foot Orthosis
- **ASEM:** Asociación de Enfermedades Neuromusculares
- **CHUAC:** Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña
- **NSAA:** North Star Ambulatory Assessment
- **6MWT:** 6 Minutes Walk Test
- **BBS:** Berg Balance Scale
- **PBBS:** Pediatric Berg Balance Scale
- **MRC:** Medical Research Council
- **mMRC:** Modified Medical Research Council
- **MMT:** Muscular Manual Testing
- **ROM:** Range Of Movement
- **SENIAM:** Surface ElectroMyoGraphy for the Non-Invasive Assessment of Muscles
- **PEM-CY:** Participation and Environment Measure for Children and Youth
- **PedsQL™:** Pediatric Quality of Life Inventory
- **ATS:** American Thoracic Society
- **Ag/AgCl:** plata/cloruro de plata
- **SPSS:** Statistical Package for Social Sciences
- **CEIC:** Comité de Ética de Investigación Clínica
- **mm:** milímetros
- **Km/h:** kilómetro/hora
- **Kg:** kilogramo
- **°:** graos

## 1 Resumo idioma oficial estruturado

**Introdución:** A distrofia muscular de Duchenne é o tipo de distrofia muscular máis común na infancia e prodúcese polo deterioro estrutural da proteína distrofina. A sintomatoloxía principal que presenta esta enfermidade neuromuscular, é a debilidade muscular proximal progresiva que está estreitamente relacionada coa aparición de contracturas e deformidades que dan lugar a alteracións no equilibrio e na marcha. Debido a isto, o nivel funcional diminúa paulatinamente e percíbese en gran medida, cando aproximadamente aos 12 anos, os/as nenos/as, quedan confinados nunha cadeira de rodas xerando altos niveis de discapacidade. Neste tempo, aparecen alteracións na realización das actividades básicas da vida diaria, na participación social e no ámbito comunitario o que, na maioría dos casos, causa empeoramento da calidade de vida. Actualmente, a evidencia científica, céntrase en programas de cinesiterapia e estiramentos musculares, pero apenas existen investigacións sobre a intervención do equilibrio e da marcha que melloren os niveis de funcionalidade e autonomía dos nenos e nenas con distrofia muscular de Duchenne. **Obxectivo:** Determinar si un programa de fisioterapia sobre o equilibrio e a marcha, é efectivo para prolongar a capacidade de deambulación e aumentar a autonomía e participación en nenos/as con distrofia muscular de Duchenne. **Metodoloxía:** proponse un estudo controlado aleatorizado dobre cego, no cal se recutarán 50 neno/as de entre 6 e 10 anos, diagnosticados/as de distrofia muscular de Duchenne, e que se atopen nos niveis I, II o III da escala "Brooke Lower Extremity Functional Classification". Os participantes no estudo dividiranse de forma aleatoria nun grupo control, que levara a cabo programas de fisioterapia habitual e nun grupo intervención, que realizará o mesmo que o grupo anterior e ademais, un programa de fisioterapia baseado no equilibrio e na marcha. A intervención levarase a cabo durante 6 meses, con 3 sesións semanais individuais de unha duración de 20 minutos para o grupo control e 75 minutos para o grupo intervención. Avaliaranse a capacidade de deambulación, o nivel funcional dos membros inferiores, o equilibrio e o número de caídas, o rango articular, a forza muscular, a fatiga muscular, o nivel de participación e a calidade de vida. Estas variables avaliaranse ao comezo da intervención, durante, inmediatamente despois da súa finalización e dous meses despois do seu remate. **Aplicabilidade:** a realización deste proxecto permitirá coñecer se a intervención fisioterapéutica da marcha e do equilibrio, é eficaz para prolongar a fase da marcha nos/as nenos/as con distrofia muscular de Duchenne, e plantearase a súa aplicación noutras poboacións similares e outros contextos.

**Palabras clave:** fisioterapia, distrofia muscular de Duchenne, marcha, equilibrio postural

## 2 Abstract (structured)

**Introduction:** Duchenne muscular dystrophy is the most common type of muscular dystrophy in childhood and is caused by structural deterioration of the dystrophin protein. The main symptomatology that presents this neuromuscular disease is progressive proximal muscle weakness that is closely related to the appearance of contractures and deformities that lead to alterations in balance and gait. Due to this, the functional level decreases gradually and is perceived to a large extent, when at approximately 12 years of age, children, are confined in a wheelchair generating high levels of disability. During this time, changes appear in the performance of the basic activities of daily life, in social participation and at the community level which, in most cases, causes a deterioration in the quality of life. Currently, scientific evidence focuses on kinesitherapy programs and muscle stretching, but there is little research on the intervention of balance and gait that improve the levels of functionality and autonomy of children with DMD. **Objective:** To determine whether a physical therapy program on balance and gait is effective to prolong the ability to walk and increase the autonomy and participation in child with Duchenne muscular dystrophy. **Methodology:** a randomized double-blind controlled study is proposed, in which 50 children between 6 and 10 years old, diagnosed with Duchenne muscular dystrophy will be recruited, and are at levels I, II or III of the scale "Brooke Lower Extremity Functional Classification". Participants in the study will be randomly divided into a control group, which will carry out routine physiotherapy programs and an intervention group that will perform the same as the previous group and a physical therapy program based on balance and gait. The intervention will be carried out for 6 months, with 3 individual weekly sessions lasting 20 minutes for the control group and 75 minutes for the intervention group. Walking ability, functional level of lower limbs, balance and number of falls, joint range, muscle strength, muscle fatigue, level of participation and quality of life will be evaluated. These variables will be evaluated at the beginning of the intervention, during, immediately after and two months after its completion. **Applicability:** the realization of this project will allow to know if the physiotherapeutic intervention of walking and balance is effective to prolong the phase of walking in the children with Duchenne muscular dystrophy and will consider its application in other populations and in other contexts.

**Key words:** physical therapy, Duchenne muscular dystrophy, gait, postural balance

### 3 Resumo noutro idioma oficial estruturado

**Introducción:** La distrofia muscular de Duchenne es el tipo de distrofia muscular más común en la infancia y se produce por el deterioro estructural de la proteína distrofina. La sintomatología principal que presenta esta enfermedad neuromuscular, es la debilidad muscular proximal progresiva que está estrechamente relacionada con la aparición de contracturas y deformidades que dan lugar a alteraciones en el equilibrio y en la marcha. Debido a esto, el nivel funcional disminuye paulatinamente y se percibe en gran medida, cuando aproximadamente a los 12 años, los/as niños/as, quedan confinados en una silla de ruedas generando altos niveles de discapacidad. En este tiempo, aparecen alteraciones en la realización de las actividades básicas de la vida diaria, en la participación social y en el ámbito comunitario lo que, en la mayoría de los casos, causa empeoramiento de la calidad de vida. Actualmente, la evidencia científica, se centra en programas de cinesiterapia y estiramientos musculares, pero apenas existen investigaciones sobre la intervención del equilibrio y de la marcha que mejoren los niveles de funcionalidad y autonomía de los niños y niñas con distrofia muscular de Duchenne. **Objetivo:** Determinar si un programa de fisioterapia sobre el equilibrio y la marcha es efectivo para prolongar la capacidad de deambulación y aumentar la autonomía y participación en niño/as con distrofia muscular de Duchenne. **Metodología:** se propone un estudio controlado aleatorizado doble ciego, en el cual se reclutarán 50 niño/as de entre 6 y 10 años, diagnosticados/as de distrofia muscular de Duchenne, y que se encuentren en los niveles I, II o III de la escala "Brooke Lower Extremity Functional Classification". Los participantes en el estudio se dividirán de forma aleatoria en un grupo control, que llevará a cabo programas de fisioterapia habitual y en un grupo intervención, que realizará lo mismo que el grupo anterior y además, un programa de fisioterapia basado en el equilibrio y en la marcha. La intervención se llevará a cabo durante 6 meses, con 3 sesiones semanales individuales con una duración de 20 minutos para el grupo control y 75 minutos para el grupo intervención. Se evaluarán la capacidad de deambulación, el nivel funcional de los miembros inferiores, el equilibrio y el número de caídas, el rango articular, la fuerza muscular, la fatiga muscular, el nivel de participación y la calidad de vida. Estas variables se evaluarán al principio de la intervención, durante, inmediatamente después de su finalización y dos meses después de su término. **Aplicabilidad:** la realización de este proyecto permitirá conocer si la intervención fisioterapéutica de la marcha y del equilibrio, es eficaz para prolongar la fase de la marcha en los/as niños/as con distrofia muscular de Duchenne, y se planteará su aplicación en otras poblaciones similares y en otros contextos.

**Palabras clave:** fisioterapia, distrofia muscular de Duchenne, marcha, equilibrio postural

## 4 Introdución

### 4.1 Tipo de traballo

Este traballo, trátase dun proxecto de investigación para a realización dun estudo cuxa finalidade é valorar a efectividade dun programa de equilibrio e marcha en nenos e nenas con distrofia muscular de Duchenne.

### 4.2 Motivación persoal

A motivación principal da realización deste proxecto, parte do interese xerado dende o comezo do grao en Fisioterapia en pacientes con patoloxía neurolóxica.

A materia de “Fisioterapia das Discapacidades Neurolóxicas e do Envellecemento” ofreceume a oportunidade de achegarme ao campo da pediatría. Deste xeito, puiden continuar formándome neste ámbito durante este último curso, grazas á opción de “Fisioterapia na Discapacidade e Dependencia” que se propón como alternativa nas Estancias Clínicas II. Isto brindoume grandes coñecementos, e achegoume beneficios tanto a nivel académico como persoal. Tanto a Unidade de Atención Temperá do Hospital Materno Infantil como o CEE María Mariño conseguiron reafirmar a percepción que posuía sobre a pediatría, a pesar de seren intervencións que requiren unha grande implicación emocional.

Ata o momento, nunca tivera a oportunidade de intervir en persoas que padecen enfermidades neuromusculares, mais, a pesar disto, interesoume e decanteime sobre a investigación da fisioterapia na distrofia muscular de Duchenne (DMD). Esta enfermidade presenta progresivamente alteracións na marcha e no equilibrio que diminúen a funcionalidade dos individuos que a sufren. Por esta razón, considero importante avaliar como inflúe a terapia proposta neste proxecto, na calidade de vida e na participación das persoas con DMD.

## 5 Contextualización

### 5.1 Antecedentes

A distrofia muscular de Duchenne é un trastorno neuromuscular grave e rapidamente progresivo ligado ao cromosoma X (1) que causa debilidade a nivel muscular e, nalgúnsas ocasións pódese apreciar un leve atraso nos fitos motores. Ademais, esta doenza hereditaria provoca altos niveis de discapacidade e, a maioría dos nenos e nenas con DMD non poden levar un estilo de vida autónomo (1–3).

A DMD prodúcese como resultado de mutacións (principalmente deleccións) no xene da distrofina (DMD ; locus Xp21.2). As mutacións conducen á ausencia ou defecto na proteína distrofina, o que resulta na dexeneración progresiva dos músculos e á perda da capacidade de camiñar de forma independente a partir da adolescencia (1,4).

Polo xeral, a DMD diagnostícase entre os 3 e os 5 anos e, aínda que apenas presenta sintomatoloxía ata esta idade, existen casos nos cales o diagnóstico pode sospitarse antes debido a retrasos nos fitos lingüísticos, cognitivos, sociais e psicomotores. As súas manifestacións clínicas comezan con lixeira debilidade a nivel proximal e aparecen primeiro nas extremidades inferiores. Posteriormente, e a medida que progresan os síntomas, prodúcense contracturas e deformidades como, por exemplo, a aparición do pé equino e da escoliose (5).

A medida que se manifestan a escoliose e as contracturas nos MMII, xorden dificultades para o mantemento da estabilidade postural. Isto ten consecuencias negativas no equilibrio e na marcha, que xeran un aumento do gasto enerxético, un aumento da frecuencia das caídas e dificultades para erguerse do chan. O carácter progresivo desta enfermidade, fai necesario o uso dunha cadeira de rodas, e polo tanto, o nivel de execución das actividades básicas da vida diaria (AVDs) vaise deteriorando (5). Entre as AVDs que se atopan máis limitadas destacan a mobilidade funcional, a hixiene persoal, a alimentación e o vestido e desvestido.

## 5.2 Epidemioloxía e etioloxía

Con respecto á epidemioloxía, existen diferentes tipos de distrofia muscular que varían considerablemente en gravidade, idade de aparición e esperanza de vida. A DMD é a más común e grave, afectando a 1 de cada 5000–6000 nacidos vivos de sexo masculino (3,6).

A prevalencia da DMD é inferior a 10 casos por cada 100.000 varóns e parece ser a mesma

entre rexións (6). Os datos sobre a idade da mortalidade na DMD tamén son variables. Algúns factores dos que depende a idade de mortalidade dos pacientes son padecer unha cardiomiopatía, a utilización de ventilación mecánica, o tratamento con corticosteroides, influíndo tamén, o xenotipo da enfermidade (7).

A etioloxía desta enfermidade baséase principalmente nas mutacións no xene DMD xa que conducen á ausencia ou defecto da proteína distrofina. A distrofina é unha proteína que conecta a membrana plasmática e a actina do citoesqueleto intracelular. Deste modo, esta proteína é un elemento fundamental para a estabilidade estrutural do músculo (8). A deficiencia da distrofina causa nas primeiras etapas da DMD, desgaste muscular nas miofibras debido á alteración da sinalización intracelular, que produce necrose dos miocitos e infiltración inflamatoria. Tras isto, substitúese o tecido muscular por tecido fibrótico e adiposo e, no momento que as células rexenerativas se esgotan, aparece a degeneración muscular (9,10).

Por outra banda, o defecto de cantidades de creatina-cinase (CPK) é a causa da debilidade muscular presente na enfermidade de Duchenne. A CPK trátase dunha encima que participa no proceso de producción de enerxía para o funcionamento do músculo. Por isto, cando esta encima se ve diminuída, redúcese a capacidade de funcionamento do músculo e os/as nenos/as con DMD manifestan debilidade muscular.

### 5.3 Manifestacións clínicas

A medida que prograsa a enfermidade van aparecendo, en maior e menor medida dependendo do caso, as seguintes manifestacións clínicas:

#### 5.3.1 Debilidade muscular

A debilidade muscular progresiva é un dos síntomas principais da DMD. Esta debilidade preséntase nun primeiro momento, a nivel da musculatura proximal, é dicir, inicialmente vense afectados os extensores de cadeira, a musculatura da pelve, musculatura abdominal, musculatura flexora do pescozo e os interescapulares. Posteriormente, vense prexudicados grupos musculares más distais, como os cuadríceps e os flexores dorsais do nocollo (11).

De maneira xeral, a debilidade progresiva comeza nas extremidades inferiores e no tronco, seguida máis tarde, pola afectación dos grupos musculares das extremidades superiores.

Pero, aínda que en menor medida que os seus compañeiros sen afectación, a maioría dos nenos e nenas adquieren forza muscular e habilidades motoras ata os 6 anos de idade. Despois desta etapa, comeza a producirse unha redución progresiva da forza e, sobre todo, cando a fraxilidade se estende ata os flexores do pescozo, aumentan as dificultades para realizar actividades motoras complexas (12).

### 5.3.2 Fatiga muscular

Na distrofia muscular de Duchenne, a perda de forza muscular ou a perda de capacidade para manter un determinado nivel de forza máximo é unha causa de fatiga muscular (13).

Nestes nenos/as, a fatiga pode aumentar tras o esforzo muscular requerido para a realización dunha tarefa ou para a realización das AVDs. Nos pacientes con DMD é moi común que se manifieste esgotamento e debilidade muscular durante o exercicio. Por esta razón, esta fatiga considérase un dos factores más significativos que inflúen negativamente na súa calidade de vida (13).

Polo tanto, o desacondicionamento físico que se exhibe neste trastorno muscular é consecuencia da falta de realización de exercicio físico. O resultado desta redución da capacidade física, poden causar complicacións cardiopulmonares, como miocardiopatías dilatadas e arritmias (12), que afectan gravemente á saúde do paciente (13).

### 5.3.3 Déficits de equilibrio

As manifestacións clínicas da DMD, como son a debilidade muscular progresiva, a diminución dos rangos de movemento, as contracturas e a perda de aliñación postural son causa de perda de equilibrio (14). O aumento da base de sustentación (11,15) é a principal alternativa para solucionar a perda de estabilidade tanto en estático como en dinámico (16,17).

En relación co mencionado anteriormente, tanto o equilibrio estático como o dinámico, deben conservarse para a realización da maioría das actividades funcionais como son camiñar, correr ou sentarse, xa que senón poderían manifestarse dificultades na execución das actividades da vida diaria, na independencia e na vida social (14,16,18).

Esta falta de equilibrio asóciase tamén, cun maior número de caídas na distrofia muscular de Duchenne. Aparte da crecente frecuencia de caídas que exhiben, estes pacientes teñen dificultades para levantarse do chan debido a debilidade que presentan. Como consecuencia, aparece o signo de Gowers, o que significa que, necesitan levantar primeiro a cadeira e posteriormente utilizan os membros superiores como soporte apoiándoos e arrastrándoos polas coxas, ata incorporarse á vertical (11).

Así mesmo, as caídas nos pacientes con DMD, prodúcense por unha incapacidade para manter a alinación corporal en bipedestación (19). Ademais, estas caídas aumentan o medo a volver a caer, polo que os/as nenos/as reducen a práctica de actividade física e prodúcese o desuso dos sistemas musculoesquelético e cardiorrespiratorio (20).

De maneira moi importante, as caídas son a causa principal de fracturas. Estas fracturas prodúcense tanto en persoas ambulantes, como dependentes de cadeira de rodas. Aínda así, son más comúns en persoas que deambulan debido a diminución da axilidade motriz e a menor densidade ósea no fémur proximal. As fracturas producidas por caídas son más comúns en membros inferiores. Sen embargo, en persoas que utilizan KAFOs, e polo tanto, presentan os membros inferiores en extensión, prodúcense fracturas en membros superiores debido ós intentos de frear unha caída. O mecanismo lesional desta fractura, prodúcese como consecuencia das desviacións na alinación postural que presentan estos individuos, xa que ao estar os ombreiros posteriorizados con respecto ao tronco, o peso do individuo no momento da caída recae sobre o cóbado que se atopan en extensión e sobre o pulso que se atopa en flexión dorsal (20,21).

#### 5.3.4 Alteracións no patrón de marcha

Outra manifestación clínica que presentan os pacientes con DMD, a medida que avanza a enfermidade, é o deterioro da marcha. Pouco a pouco, a falta de equilibrio e a desalinación postural provocan que a marcha destes nenos e nenas vaia perdendo calidade, observándose características comúns entre eles (11).

Entre as peculiaridades que posúe esta marcha, destaca a súa velocidade, que comeza a ser máis lenta, e o aumento do balanceo lateral do tronco, para descargar os abdutores da cadeira en apoio monopodal (22). Ademais, para mellorar a estabilidade prodúcense cambios posturais que aumentan a base de sustentación. Estes cambios son: cabeza lixeiramente

adiantada, abdome adiantado e ombreiros posteriorizados, membros superiores un pouco separados do tronco e membros inferiores en abducción. Hai que destacar a presenza dunha acentuada anteversión pélvica con lordose lumbar, e o posicionamento en equino dos nocollos en fase de apoio e balanceo (11,15). A anteversión pélvica e lordose lumbar é provocada pola debilidade dos músculos estabilizadores de cadeira e, a posición en equino, prodúcese debido á debilidade dos dorsiflexores e/ou as contracturas dos flexores plantares (23).

As alteracións dos parámetros espaciotemporais da marcha más características son: unha menor velocidade de marcha, unha maior anchura de paso, unha menor lonxitude do paso e o aumento da base de sustentación. O principal factor que provoca cambios a nivel destes parámetros, é a marcada flexión plantar, tanto na fase de apoio como na fase de balanceo (15).

En canto a fase de apoio, para lograr unha maior estabilidade e manter a postura erguida durante a fase de apoio completo, a pelve traccioná os isquiotibiais cara craneal, e isto podería causar acurtamento nos músculos flexores da cadeira. Na articulación do xeonlllo, aparece hiperextensión e xenu recurvatum, porque a forza de reacción do chan está máis preto do centro desta articulación, reducindo a rotación interna da mesma e axudando na activación do cuadríceps como extensor de xeonlllo, xa que está debilitado nos pacientes con DMD (24).

Na fase de oscilación, prodúcese un aumento da elevación e da rotación da pelve como estratexia para gañar lonxitude de paso. Do mesmo xeito, obsérvase un aumento no rango de flexión de xeonlllo para compensar a diminución da dorsiflexión de nocollo, axudando no despegue e así, evitar tropezos e/ou caídas (23,24).

A DMD pódese dividir en varias etapas segundo a progresión da enfermidade (8):

1. Presintomático muscular ou pre-debilidade (0-2 anos): os/as nenos/as nesta etapa ainda non tan diagnosticados de DMD, xa que os síntomas de debilidade non son visibles ao nacemento. Sen embargo, unha proporción de individuos manifesta de maneira temperá un atraso no neurodesenvolvemento, mostrando atraso da linguaxe e dificultades de relación-comunicación. Nestes casos o diagnóstico exprésase antes do habitual.
2. Ambulante inicial (2-3 anos): nesta etapa a maioría dos/as nenos/as experimentan un desenvolvemento motor normal, aínda que nalgúns casos más severos xa empezan

a observarse os primeiros síntomas como caídas frecuentes, dificultade para subir escaleiras sen apoio, camiñar no bico dos pés pola debilidade dos flexores dorsais de nocello e, xeralmente, xa se pode apreciar a pseudohipertrofia dos gastronecmios.

3. Ambulante tardío (5-12 anos): nesta etapa maniféstanse os signos clásicos da DMD en persoas que teñen a capacidade de camiñar. Ata os 8 anos o deterioro motor é lento, pero cando se alcanza dita idade, prodúcese un declive progresivo na que a perda de força muscular acentúase e, as capacidades motoras adquiridas, vanse perdendo. Neste período aparece unha marcada debilidade da cintura pélvica, hipertrofia muscular en isquiotibiais e flexores de cadeira, signo de Gowers positivo e contracturas e retraccións en cadeira, xeonlllo e nocello. Esta, considérase a última etapa na que os nenos con DMD camiñan de forma autónoma.
4. Non ambulante inicial (12-14 anos): nesta fase maniféstase a perda da marcha e a incapacidade para permanecer de pé. Ademais, a debilidade da extremidade superior e dos músculos paraespinais progrésa, o que desencadea o aumento do desenvolvemento da escoliose.
5. Non ambulante tardío (14 anos en adiante): tamén coñecida como a fase de cadeira de rodas. Neste período aumenta a debilidade da musculatura do tronco e dos membros superiores, polo que os/as nenos/as, van perdendo a capacidade para manterse sentados. Nesta etapa inicianse os problemas respiratorios, sendo primeiramente visibles durante o sono, cursando con hipoventilación nocturna e provocando apneas periódicas, cefaleas matutinas, náuseas, fatiga, perda de apetito e deterioro cognitivo. Ademais, alteración desta función respiratoria vese agravada pola escoliose. Por outra banda, as afectacións cardíacas son as últimas en aparecer cursando con miocardiopatías e arritmias e a súa predisposición, aumenta pola utilización de diferentes formas de soporte ventilatorio no tratamento respiratorio.

O ritmo de progresión e a gravidade da enfermidade difire entre individuos con DMD e, esta diferencia, dependerá de factores ambientais e/ou xenéticos que condicionan esta evolución. O axente máis importante para determinar a evolución da enfermidade trátase da perda de deambulación e a autonomía na marcha. Isto dependerá de múltiples factores: tipo de mutación, rehabilitación, uso de corticoides ou doutras terapias que modifigan o tempo de aparición da perda da marcha, etc (5).

### 5.3.5 Problemas ortopédicos, cardíacos e respiratorios

A escoliose é a principal alteración ortopédica estando presente en toda a poboación con DMD en diferentes momentos do transcurso de dita enfermidade. A aparición da escoliose está relacionada coa força e o tono muscular, de maneira que, se estes están diminuídos, a posibilidade de que se produzan deformidades de columna será maior (25). A desaliñación progresiva conduce a posibles problemas respiratorios pola redución do volume da caixa torácica (12).

As manifestacións cardíacas inclúen miocardiopatía dilatada e arritmias. Isto prodúcese pola fibrose dos miocitos e a perda de força na musculatura cardíaca, producindo ambas que as cavidades do corazón se agranden e as paredes do mesmo se volvan más delgadas. O compromiso cardíaco xera síntomas como fatiga, perda de peso, dor abdominal, alteración do sono e incapacidade para tolerar as AVDs. A miocardiopatía clinicamente aparente está presente en todos os pacientes maiores de 18 anos pero, é inusual, que a afectación cardíaca estea presente nos pacientes menores de 6 anos. Aínda así, como a maioría dos nenos con DMD non son moi activos fisicamente nas primeiras fases da enfermidades, o compromiso cardíaco pasa desapercibido ata a fase de cadeira de rodas (1,3,12).

Dentro dos problemas respiratorios, destaca a insuficiencia respiratoria crónica secundaria a enfermidade pulmonar restritiva por diminución da capacidade da caixa torácica. Así mesmo, a debilidade muscular tamén afecta a musculatura que participa na respiración. A primeira afectación respiratoria visible é a apnea obstrutiva do sono que aparece cando o paciente deixa de camiñar o que fai que aumenten a hipoxemia e hipercapnia nocturnas. En etapas más tardías, aparecen síntomas de hipoventilación, como disnea, fatiga, cefaleas matutinas ou continuas, hipersonolencia, pesádelas e dificultade para concentrarse, a pesar do uso de ventilación asistida durante o sono (1,3,12).

### 5.4 Nivel de participación, ámbito educativo e calidade de vida

O deterioro da participación social e coa contorna, vai da man co declive das habilidades psicomotoras que produce a enfermidade. Cando os síntomas da enfermidade comezan a ser visibles, a participación destes nenos/as con DMD comeza a diminuir. Pero este descenso, faise moito más visible a partir da fase de perda da deambulación xa que, a participación en

actividades sociais baseadas na comunidade tales como, visitar amigos, ir a festas ou ir ao cinema é significativamente menor en persoas con DMD, provocando que a calidade de vida tamén se atope afectada (26). Os principais problemas na participación prodúcense na escola, no traballo (en pacientes con DMD maiores de dezaoito anos), no transporte, no involucramento nas relacións íntimas e nas actividades de lecer (27).

En xeral os/as nenos/as con DMD, debido á debilidade muscular, elixen un menor número de actividades que mostren un compromiso físico importante, en comparación a nenos sans da súa idade. A percepción de inferioridade motora que teñen estes individuos con respecto ao resto da poboación, sumado ó medo ás caídas recorrentes da enfermidade, presenta consecuencias negativas na esfera física, reducindo a cantidade de actividad física que realizan. Así mesmo, os aspectos mencionados, tamén teñen efectos negativos na participación e no ámbito social, porque a interacción con outros individuos e os lazos interpersoais vense diminuídos (27).

Con respecto a escolarización, hai que destacar que estes nenos/as acoden a escolas ordinarias e por iso débese ter en conta, que moitos dos nenos e adolescentes poden atoparse hospitalizados longos períodos de tempo, o que pode supoñer un atraso a nivel educativo con respecto aos seus compañeiros e compañeiras. Por outro lado, a escolarización para eles/as, na maioría dos casos, está adaptada coa presenza de equipos multidisciplinares nos centros que contribúen ó acondicionamento do mobiliario e do currículo, segundo as necesidades de cada neno/a coa finalidade de alcanzar o máximo desenvolvemento das capacidades de expresión, relación e comunicación (28). É fundamental avaliar a ergonomía postural do/a neno/a na aula, xa que este aínda non precisa de cadeira de rodas e haberá que adaptar o entorno da aula para previr posibles problemas que poida causar a sedestación mantida durante varias horas nestes nenos/as (11).

Segundo nesta liña, a accesibilidade nos colexios ten que favorecer a mobilidade autónoma dos alumnos, é dicir, non deberían existir barreiras arquitectónicas que impidan o/a alumno/a desenvolverse polo entorno. No caso de que estes nenos/as se atopen excluídos das actividades escolares e extraescolares, pode ter repercusións a nivel cognitivo e na integración social (11).

## 5.5 Manexo nos pacientes con enfermedade de Duchenne

### 5.5.1 Terapia con corticosteroides

A terapia con corticosteroides é un estándar no tratamento dos pacientes con DMD, porque son o único axente farmacolóxico que demostrou ser eficaz neste trastorno. Os corticosteroides Deflazacort e Prednisona son os más usados pola súa gran eficacia (29).

Está demostrado que o consumo de corticosteroides, reduce a deterioración da función motora e ten efectos positivos con respecto á forza muscular. Ademais, o uso diario de deste tratamiento reduce o risco de desenvolver escoliose atrasando tamén, a deterioración da función pulmonar. Todo este conxunto de melloras prolonga o tempo de vida dos nenos e nenas diagnosticados de DMD (12,29).

Pese a que os corticosteroides aporten efectos positivos nos pacientes con DMD, cabe destacar que existen efectos secundarios atopándose entre os más comúns o aumento de peso nos pacientes e o aumento da osteoporose. A longo prazo, tamén aparecen cambios no comportamento, cataratas e outros posibles efectos secundarios, como hipertensión, susceptibilidade ás infeccións, intolerancia á glicosa e enfermidades gastrointestinais (29).

Esta terapia, sumada á redución da actividade física, amosa consecuencias negativas na mobilidade pola presenza de sobrepeso e polo incremento no risco de fracturas, provocada pola fraxilidade ósea nos ósos longos e nos corpos vertebrais(5,30).

Nun esforzo por minimizar os efectos secundarios, utilizanse diversos réximes alternativos en función da tolerancia aos efectos secundarios que mostra cada individuo. Estes réximes alternativos baséanse na modificación da dose e do seu consumo habitual: en lugar do consumo diario de corticosteroides, poderán ser inxeridos unicamente o fin de semana, ou os dez primeiros días de cada mes de tratamiento, pero con unha dose máis alta (30). A pesar disto, a eficacia destes réximes descontinuos é menor que cando se consomen diariamente (5).

Recoméndase que o tratamiento con corticosteroides se inicie entre os 2 e os 5 anos de idade nos nenos cuxa forza xa se estabilizou ou comeza diminuír e, en base a isto, un tratamento máis temperán pode ser beneficioso a longo prazo (30).

Tras a perda da deambulación, o uso de baixas doses de corticosteroides é controvertido, xa que por unha banda, pode ter efectos positivos preservando a força nas extremidades superiores, reducindo a progresión da escoliose e atrasando o declive das funcións respiratorias e cardíacas, pero pola outra, débese ter extremo coidado cos efectos secundarios que producen neste tipo de pacientes, sobre todo coa presenza de miocardiopatía avanzada (1).

### 5.5.2 Manexo respiratorio e cardíaco

A principal necesidade de atención pulmonar atópase no período posterior á perda da deambulación independente. O manexo da ventilación non invasiva e uso rutineiro de dispositivos de insuflación/exuflación mecánica, diminúe a morbilidade pulmonar. Para reducir a hipoxemia e hipercapnia nocturnas, introdúcese de maneira común, a ventilación con presión positiva continua nas vías respiratorias durante o sono deste nenos. Tamén, para solucionar os problemas relacionados coa diminución da capacidade respiratoria, debido a diminución do volume da caixa torácica, en moitas ocasións, recórrese a unha cirurxía de fixación espinal da columna vertebral, coa finalidade de evitar que se reduza dito volume co empeoramento da escoliose (1,5,30).

Por outra banda, a miocardiopatía adoita tratarse cunha redución da poscarga, utilizando inhibidores da encima convertidora da anxitensina ou bloqueadores dos receptores da anxitensina. Ademais, os pacientes con DMD que presentan disfunción cardíaca grave, recibirán tratamentos anticoagulantes para a prevención de eventos tromboembólicos sistémicos. E, cando a miocardiopatía mostra un pronóstico grave, pódese considerar necesario un transplante cardíaco (1,5).

### 5.5.3 Programas de fisioterapia

Os obxectivos do tratamento de fisioterapia variarán segundo a fase na que se atopen os pacientes e en función das súas necesidades. Para a súa pauta recoméndase realizar revisións cada 6 meses, para valorar a fase na que se atopa o paciente e determinar se existen cambios nos requisitos. Nestas avaliaciós é aconsellable medir a força muscular, o rango articular, a capacidade funcional e o acondicionamento físico (5).

Por un lado, a medida que evoluciona a enfermidade e os/as nenos/as xa dependen dunha cadeira de rodas para o seu desprazamento, o tratamento fisioterapéutico máis adecuado irá encamiñado á prevención do deterioro das contracturas, ó mantemento dunha correcta alinación postural na cadeira de rodas á conservación da función respiratoria. Ademais, é necesario, orientar as familias para que o seu fillo/a leve a cabo actividades lúdicas e recreativas que manteñan un estilo de vida activo dentro das súas posibilidades (11).

Para reducir o empeoramento das contracturas nos membros inferiores, soen empregarse programas de bipedestación, que evitan a aparición de osteoporose xa que, retrasan a perda de densidade mineral ósea (11). Aínda así, tamén é importante realizar cinesiterapia pasiva e estiramentos nos membros superiores para evitar deformidades, como por exemplo, a contractura de flexión dorsal de pulso, que dificultan o uso da man para o manexo da cadeira rodas. Igualmente, é primordial a actuación sobre a función respiratoria a través de técnicas de tose asistida e drenaxe postural para evitar complicacións, no caso de presentar infeccións respiratorias (1,5,30). Por outra parte, é fundamental por parte do fisioterapeuta, valorar a necesidade de adaptacións posturais na cadeira de rodas (corsé lumbar, asentos moldeados, etc.) e asesorar aos familiares neste proceso (11).

Sen embargo, en nenos e nenas con DMD que teñen a capacidade de camiñar e, aínda manteñen altos niveis de funcionalidade, é indispensable que leven un estilo de vida activo realizando actividades funcionais como a natación, camiñar e/ou xogar con amigos xa que, o exercicio aerobio nestes pacientes mellora a función muscular, grazas a maior obtención e aproveitamento de osíxeno durante o exercicio (31,32). Pola contra, débense evitar os exercicios con altas intensidades e os exercicios excéntricos debido a que, a falta de distrofina no músculo pode aumentar a inestabilidade do sarcolema e provocar dano muscular inducido por este tipo de contracción (32). Coas actividades funcionais a baixa intensidade conséguese reducir a atrofia dos músculos por falta de uso e, así, poténciase a función cardiorrespiratoria a corto plazo (11,30,32).

Así mesmo, mentres o neno é deambulante ou se atopa nunha fase non ambulatoria temperá realizanse programas específicos de estiramentos regulares activos, activo-asistidos e pasivos no nocello, xeonllo e cadeira para previr ou minimizar as contracturas. Tamén, se utilizan ortésis correctoras de nocello – pé (AFO) de uso nocturno para evitar as contracturas en flexión plantar (equino) destes pacientes, debido a que proporcionan un estiramiento continuo dos flexores plantares durante toda a noite. De igual xeito, empréganse ortesis de

nocello-pé-xeonllo (KAFO) de uso diúrno, para prolongar a fase de marcha en pacientes que entran en fases más próximas a cadeiras de rodas (5,25,30).

Así, e de maneira xeral, os obxectivos das sesións de fisioterapia antes da perda total da deambulación, oriéntanse principalmente cara á prolongación da capacidade de marcha, mediante intervencións que retrasen a perda de forza muscular nas extremidades inferiores e no tronco e, así mesmo, conserven a extensibilidade dos músculos máis afectados en cada caso para previr as contracturas que poidan manifestarse. Ademais, con todos estes obxectivos búscase mellorar a calidade de vida e a participación destes nenos/as (11). Pola contra, existe escasa evidencia científica sobre a efectividade do adestramento da marcha e do equilibrio, para conseguir demorar a transición a cadeira de rodas, nos individuos con DMD.

Recentemente, o estudio aleatorizado e controlado de Abd El Aziz A. Sherief et al.(33) investiga cal é a opción máis axeitada para mellorar a capacidade funcional da deambulación e o equilibrio, chegando á conclusión de que o adestramento en cinta rodante como exercicio aerobio aporta beneficios tanto na marcha como no equilibrio. Neste ensaio dividiron de maneira aleatoria a 30 nenos con DMD de entre 6 e 10 anos en dous grupos (grupo A e B). O grupo A levou a cabo un programa de fisioterapia de exercicio aerobio mediante o adestramento en cicloergometro, mentres que o grupo B, someteuse ao mesmo programa que o grupo A pero para traballar o exercicio aerobio empregaron unha cinta de marcha. A duración deste estudio foi de tres meses, nos cales realizaban tres sesións semanais de unha hora. A capacidade de marcha funcional avaliouuse mediante a proba 6MWT e o equilibrio mediante o sistema de equilibrio Biodeix. Tras a realización do estudio, ambos grupos de tratamento melloraron significativamente a capacidade funcional da marcha e o equilibrio, ainda así, observouse unha mellora todas as variables medidas a favor do adestramento en cinta rodante (grupo B).

## 6 Xustificación del traballo

A día de hoxe coñecese que, o adestramento da marcha a través da utilización da cinta rodante (33) é eficaz para o aumento da capacidade de marcha funcional e o equilibrio en nenos e nenas con distrofia muscular de Duchenne. Sen embargo, existe moi pouca evidencia sobre cómo, a intervención de fisioterapia pode prolongar a fase deambulación en estos pacientes e, por esta razón, é necesario afondar en maior medida na súa efectividade. Deste xeito, e baseándose nas investigacións mencionadas e nas variables que empregaron, neste

proxecto de investigación estudaranse novas opcións terapéuticas a través do adestramento da marcha e do equilibrio que persigan dito obxectivo na evolución da DMD.

A distrofia muscular de Duchenne é un trastorno neuromuscular degenerativo que padecen algúns nenos e nenas e que producen manifestacións clínicas características que van minguando a súa funcionalidade (1). A debilidade muscular xunto coas retraccións e contracturas das extremidades inferiores características desta enfermidade son os principais factores desencadeantes da perda progresiva da deambulación. Isto sucede a diferentes idades e limita enormemente a actividade do neno, causando unha diminución do nivel de participación e da súa calidade de vida.

A intervención de fisioterapia comézase a aplicar cando aparecen os primeiros signos e síntomas, enfocándose ó mantemento das habilidades funcionais a través de métodos para conservar a correcta aliñación postural e os rangos de movemento óptimos para a marcha (5), sempre orientando as intervencións dunha maneira lúdica e participativa, a través do xogo, que se coñece que aumenta a motivación dos/as nenos/as e inflúe na adherencia ao tratamento (34). Ademais, na capacidade de deambulación, tamén inflúe o equilibrio (14) que se ve mermado en gran medida pola debilidade muscular proximal e que se se mellora a través de programas de fisioterapia, que consigan prolongar a fase de deambulación e reducir o número de caídas.

Na actualidade, carecese de literatura científica que estude a eficacia da intervención fisioterapéutica para mellorar a marcha. Sen embargo, a súa eficacia está altamente demostrada en outras afectacións neurolóxicas como a síndrome de Down (35), a parálise cerebral (36) ou a ataxia cerebelosa (37).

Por todo isto, parece necesario investigar sobre a efectividade dunha intervención de fisioterapia baseada nun programa de equilibrio e marcha e realizada a través do xogo para prolongar o tempo de deambulación e, que a súa vez, teña efectos positivos na calidade de vida e participación destes pacientes.

## 7 Pregunta de investigación

É efectivo un programa fisioterapéutico sobre o equilibrio e a marcha para manter, durante máis tempo, a fase ambulatoria e obter unha maior autonomía da marcha en pacientes con

distrofia muscular de Duchenne?

- P:nenos e nenas entre 5 e 10 anos con distrofia muscular de Duchenne que se encuentran na fase ambulatoria (5,33).
- I: programa de fisioterapia baseado no adestramento do equilibrio e da marcha (33–35,37,38).
- C: comparación cun grupo control de nenos e nenas con similares características que seguen un tratamento de fisioterapia habitual (11,30,39,40) para a distrofia muscular de Duchenne
- O: conseguir prolongar a fase ambulatoria e obter unha maior autonomía na poboación de estudo (5,11,15,22–24,27).

## 8 Hipótese e obxectivos

### 8.1 Hipóteses

#### 8.1.1 Hipótese nula

O programa de fisioterapia sobre o equilibrio e a marcha non prolonga a fase de deambulación dos pacientes con DMD.

#### 8.1.2 Hipótese alternativa

O programa de fisioterapia sobre o equilibrio e a marcha prolonga a fase de deambulación dos pacientes con DMD.

### 8.2 Obxectivos: xeral e específicos

#### 8.2.1 Obxectivo xeral:

- Coñecer si a intervención de fisioterapia a través dun programa de equilibrio e marcha prolonga a fase ambulatoria e xera unha maior autonomía en pacientes con Distrofia Muscular de Duchenne.

#### 8.2.2 Obxectivos específicos:

- Analizar se se conseguén efectos positivos nos diferentes parámetros da marcha

(altura e a lonxitude de paso, amplitud da base de sustentación, cadencia, velocidade da marcha, etc.) tras o programa fisioterapéutico de adestramento de equilibrio e da marcha.

- Comprobar se o programa fisioterapéutico de adestramento de equilibrio e da marcha atrasa a dependencia de cadeira de rodas ou dalgún tipo de axuda técnica para desprazarse.
- Comprobar si o programa de fisioterapia sobre o equilibrio e a marcha diminúe a frecuencia de caídas en nenos e nenas con DMD.
- Determinar se tras un programa fisioterapéutico de equilibrio e marcha se producen melloras na debilidade dos principais grupos musculares afectados nos nenos e nenas con DMD.
- Estudar se se producen melloras na aliñación e no mantemento da postura durante a marcha, cun programa de fisioterapia de adestramento do equilibrio e marcha en pacientes con DMD.
- Medir o efecto sobre a fatiga muscular dos membros inferiores que se obtén cun programa fisioterapéutico de adestramento de equilibrio e da marcha.
- Determinar se os resultados obtidos con esta intervención aumentan a participación coa contorna e a calidade de vida en pacientes con DMD.

## 9 Metodoloxía

### 9.1 Estratexia de busca bibliográfica

Para a procura de información deste proxecto e co obxectivo de contextualizalo, realizouse unha procura bibliográfica en diferentes bases de datos: PubMed, Pedro, Cochrane Lybrary e Scopus. As palabras chave utilizadas para conseguir unha procura más específica foron: “Duchenne muscular dystrophy”, “physical therapy”, “balance”, “Dynamic balance”, “static balance”, “gait”, “children”, “stretching”, “fatigue”, “falls”, “walkin capacity”.

Estas palabras combináronse entre elas para chegar un maior número de información. Nalgúnsas ocasións aplicáronse filtros relacionados coa idade, seleccionando nenos entre 6 e 12 anos. Os ensaios más utilizados para a creación deste programa atópanse resumidos no Anexo 1 (Ver Anexo 1)

## 9.2 Ámbito de estudio

A poboación que formará parte deste programa será recrutada da provincia da Coruña. A poboación de estudio serán nenos e nenas diagnosticados de DMD da Unidade de Atención Temperá do Hospital Materno Infantil da Coruña, así como de centros educativos e de diferentes asociacións dirixidas a persoas con discapacidade, como a ASEM Galicia, a asociación de enfermidades neuromusculares de Galicia.

## 9.3 Período de estudio

O período no que se levará a cabo este programa de fisioterapia será de seis meses, desde outubro 2023 ata o mes de xaneiro do ano 2025.

## 9.4 Tipo de estudio

Trátase dun ensaio clínico controlado e aleatorizado en paralelo, no que únicamente un grupo, recibirá a terapia proposta. Realizarase un enmascaramento dobre cego para que, tanto o avaliador como as familias dos participantes, descoñezan a que grupo pertence cada neno/a que é avaliado. Crearanse dous grupos: un grupo control que realizará un programa de fisioterapia habitual e un grupo de investigación (grupo intervención) que realizará o programa de equilibrio e marcha, ademais do programa de fisioterapia habitual.

Por tanto, este estudio é de tipo analítico e experimental, xa que se asigna un factor de estudio e contrólase de maneira deliberada para investigar sobre unha relación causa/efecto. Ademais, é unha investigación lonxitudinal posto que, existe un lapso de tempo entre as evaluacións das diferentes variables estudiadas, e desta maneira, estudar os cambios producidos durante un período de tempo.

## 9.5 Criterios de selección

- Criterios de inclusión:
  - Nenos e nenas con idades comprendidas entre os 6 e 10 anos.
  - Nenos e nenas con Diagnóstico de distrofia muscular de Duchenne confirmado por proba xenética.
  - Nenos e nenas que presenten un nivel 1,2,3 na escala de “Brooke Lower Extremity Functional Classification”.

- Nenos e nenas capaces de cooperaren coas instrucións do fisioterapeuta.
- Criterios de exclusión:
  - Nenos e nenas con epilepsia non controlada.
  - Nenos e nenas con contracturas severas a nivel de MMII.
  - Nenos e nenas con diagnóstico de enfermidade neurolóxica, diferente a DMD.
  - Nenos e nenas sometidos a cirurxía ortopédica ou neurolóxica seis meses antes de comezar o estudo ou durante este.

## 9.6 Xustificación do tamaño da mostra

Posto que as investigacións sobre os programas de equilibrio e marcha na enfermidade de Duchenne son escasas, utilizaranse os datos dun ensaio clínico aleatorizado (33) para calcular o tamaño da mostra mediante o programa G\* Power. Para iso, considérase unha potencia do 95%, cun valor para alfa do 5%. Desta maneira obtense un tamaño total da mostra de  $N=38$ , e considerando que aproximadamente un 15% da mostra total poden abandonar o estudo, fixarase un tamaño de muestra de  $N=44$ , dos cales 22 serán asignados ao grupo control e 22 ao grupo intervención.

## 9.7 Selección da mostra

Para realizar a selección da muestra e recrutar o número suficiente de nenos e nenas con DMD, primeiro contactaremos, a través de correo electrónico ou de correo postal, coa Unidade de Neonatoloxía, Neropediatria e Rehabilitación Infantil do CHUAC para a posible colaboración neste proceso.

No caso de que acepten colaborar, programarase unha reunión co persoal sanitario encargado desta función e, os investigadores explicaran detalladamente en que consiste o estudo, cales son os seus obxectivos e que aspectos deben ter en conta no proceso de recrutamento. Ao mesmo tempo, as persoas pertencentes ás unidades mencionadas anteriormente serán as encargadas de lles entregar ás familias interesadas a carta de información (Anexo 2) na que se expoñen os obxectivos, os investigadores, o tipo de intervención, os riscos, etc.

Por último, o investigador principal reunirase coas familias que acepten participar no estudo e

resolver dubidas se as houbese. Ademais, nesa reunión entregarase o consentimento informado (Anexo 3) no cal o/a paciente autoriza coa súa sinatura a participación e a normativa pautada.

Cando xa se coñecen os nenos e nenas participantes, procederase a aleatorizar a mostra. Realizarase unha aleatorización simple a través dunha aplicación web. Desta maneira, con esta aplicación dixital para aleatorizar mostras, producirase unha táboa que especifique a que grupo pertence cada participante. Na táboa, seguido do nome de cada paciente aparecerá un 0 (grupo control) ou un 1 (grupo de intervención) en función do grupo o que pertenza. Unicamente o fisioterapeuta que leve a cabo a intervención terá acceso a esa información.

## 9.8 Descripción das variables que se van a estudar

Táboa 1. *Variables a estudar*

VARIABLES A ESTUDAR	Capacidade de deambulación
	Funcionalidade de membros inferiores
	Equilibrio e risco de caídas
	Forza muscular
	Rango de movemento
	Fatiga de membros inferiores
	Nivel de participación
	Calidade de vida

- **Capacidade de deambulación**

Para valorar a capacidade de deambulación, avaliaremos as habilidades necesarias para permanecer funcionalmente ambulante (41). Para isto, empregaremos a escala “North Star Ambulatory Assessment (NSAA)” creada por Mazzone et al., xa que é específica para utilizar con pacientes diagnosticados de distrofia muscular de Duchenne, que se atopan en fase de marcha independente (42). Ademais, para medir esta variable empregarase tamén, a proba submáxima de esforzo, 6MWT, por ser unha medida global integrada da función ambulatoria na DMD (43).

- **Funcionalidade de membros inferiores**

A función dos membros inferiores enfócase cara a bipedestación e ao soporte de peso, polo tanto, o seu obxectivo basease no apoio e na estabilidade (44). Para valorar a función dos

membros inferiores utilizaremos a escala “The Brooke Lower Extremity Functional Classification”. Esta escala indica o grao de afectación das extremidades inferiores e clasifica en 10 categorías en relación a súa capacidade para camiñar das persoas con DMD (18,45).

- **Equilibrio e risco de caídas**

A falta de equilibrio, é dicir, a incapacidade para manter o centro de gravidade dentro da base de sustentación asóciase cun maior risco de fracturas debido a caídas na distrofia muscular de Duchenne. Desta maneira, a falta de equilibrio inflúe negativamente nas principais habilidades da motricidade grossa, nas actividades da vida diaria, na independencia e na vida social (14). Para avalialo empregaremos a Pediatric Balance Scale, que consiste nunha adaptación da escala de equilibrio de Berg (BBS) e está validada en castelán (46) para as idades dos pacientes que participan neste estudo.

- **Forza muscular**

A forza muscular é a capacidade que ten un músculo para activarse cando existe unha resistencia ou forza externa. Para avaliar a forza muscular empregaremos a escala mMRC, co fin de observar se os pacientes manteñen o nivel de forza muscular ou, pola contra, aumenta a debilidade como é característico da DMD.

- **Rango de movemento**

Coñécese como rango de movemento os graos que describen dous segmentos do corpo con respecto a un plano de referencia (47). A avaliación do ROM é importante para observar o progreso do programa de fisioterapia proposto. Este estudio centrarase no ROM das articulacións dos MMII, xa que son fundamentais para a fase de deambulación que é o noso principal obxectivo. O dispositivo máis empregado e que se considera o estándar de referencia na clínica para medir o ROM é o goniómetro universal (48) e, a unidade de medida son os graos (48,49).

- **Fatiga muscular**

Para medir a fatiga muscular usaremos a electromiografía de superficie, por ser unha técnica

non invasiva e por disponer dos procedementos estandarizados para levar a cabo correctamente dita avaliación. Os eléctrodos colocaranse seguindo o atlas das zonas de inervación muscular da “European recommendations for surface electromyography” (SENIAM) (50).

- **Participación**

Para valorar se o programa de fisioterapia produce melloras no nivel de participación e nos factores ambientais do contorno, empregaremos a escala “Participation and Environment Measure for Children and Youth” (PEM-CY). Nesta ferramenta visualizarse a percepción sobre nivel de participación, que as familias denoten dos/as nenos/as participantes (51).

- **Calidade de vida**

Para avaliar a calidade de vida empregaremos o módulo neuromuscular da PedsQL™ (52). Este instrumento está validado en castelán e é aplicable en pacientes entre 5 e 18 anos que presenten algúun trastorno neuromuscular. O cuestionario será aplicado aos pais dos nenos e nenas con DMD e, utilizarase para observar se se producen melloras na calidade de vida dos participantes.

## 9.9 Medicións e intervención

### 9.9.1 Medicións

#### 9.9.1.1 Descripción de los instrumentos de valoración

Táboa 2. *Instrumentos de valoración*

Variable	Instrumento
Capacidade de deambulación	<ul style="list-style-type: none"><li>- North Star Ambulatory Assessment</li><li>- 6MWT</li></ul>
Equilibrio e risco de caídas	<ul style="list-style-type: none"><li>- Pediatric Berg Balance Scale</li><li>- Medición de número de caídas</li></ul>
Funcionalidade de membros inferiores	<ul style="list-style-type: none"><li>- The Brooke Lower Extremity Functional Classification</li></ul>
Forza muscular	<ul style="list-style-type: none"><li>- mMRC</li></ul>

Rango de movemento	- Goniometría
Fatiga muscular	- Electromiografía de superficie
Nivel de participación	- Cuestionario PEM-CY)
Calidade de vida	- Módulo neuromuscular PedsQL™

- **North Star Ambulatory Assessment**

A North Star Ambulatory Assessment (NSAA) (Anexo 4) é unha escala que se utiliza para medir a función motora dos nenos/as con DMD en fase ambulatoria e, a evolución da fase de marcha dos mesmos (11). Está estruturada por 17 ítems que avalían as habilidades que son necesarias para permanecer funcionalmente ambulante e tamén, a capacidade de realizar unha serie de actividades como saltar ou correr que polo xeral, nunca se alcanzan por completo en nenos/as con DMD, a non ser que estean tratados diariamente con medicación esteroidea (42). Cada ítem pode avaliarse con unha puntuación de 0,1 ou 2. Unha puntuación de 2 significa que, o usuario realiza a acción de maneira independente; unha puntuación de 1 significa que, consegue realizar a acción independentemente da axuda física doutra persoa, pero de maneira modificada; unha puntuación de 0, significa que o paciente non é capaz de realizar a acción de maneira independente (53).

Ademais a escala NSAA inclúe ítems que poden rexistrar elementos cronometrados, coñecidos como “Time Function Tests”. A proba de marcha/carrreira cronometrada de 10 m, subir 4 escalóns e levantarse do chan e poñerse de pé son o conxunto de probas que se engloban dentro dos “Time Function Tests”. O tempo que tardan en realizar estas probas non se incluirá na puntuación global pero permite monitorizar e observar a progresión das habilidades destes pacientes en función do tempo (54–56).

- **6MWT**

A escala 6MWT é unha proba de esforzo submáxima validada en numerosos grupos poboacionais, sobre todo, en pacientes que padecen disfuncións cardiopulmonares. Neste proxecto de investigación, o 6MWT ten o obxectivo de avaliar a capacidade funcional e o acondicionamento físico dos nenos/as con algún tipo de trastorno neuromuscular, grazas as modificacións na realización deste test, elaboradas pola “The American Thoracic Society” (ATS) (57). Esta proba, ademais de proporcionar información clínica sobre as capacidades de marcha dos pacientes, ofrece un bo reflexo das AVDs (33,58). Ademais, no artigo de

Henricson et al., (59) verifican que a proba de camiñata de 6 minutos modificada está estandarizada e é segura e confiable para nenos e nenas con DMD que aínda non empregan a cadeira de rodas na maioría das AVDs. Así mesmo, utilizase por estar validada (55) e por ser sinxela de comprender, xa que algúns destes pacientes poden presentar alteracións cognitivas. A visualización dun vídeo de orientación con anterioridade a realización da proba, correspón dese cunha das modificacións más representativas que estableceu a ATS (43).

- **PBBS**

A escala Pediatric Berg Balance Scale (Anexo 5) trátase dunha modificación da escala de equilibrio de Berg. Coa PBBS podemos avaliar o equilibrio funcional a través de 14 tarefas que teñen semellanza coas actividades da vida diaria. No artigo de Franjoine, MR et al. especificábase unha puntuación de 0, 1, 2, 3 ou 4 para cada un dos ítems, sendo a puntuación máxima 56 puntos. O 0 denota unha incapacidade para realizar a actividade sen axuda e, o 4 expresa a capacidade de realizar a tarefa con total independencia. A proba realizaase cos produtos de apoio e/ou dispositivos de axuda para a marcha, que utilizan os nenos e nenas na súa vida diaria (60–62).

- **The Brooke Lower Extremity Functional Classification**

A escala Vignos (45) é un sistema de clasificación funcional desenvolto por Vignos et al. que identifica o estado funcional das extremidades inferiores e superiores durante a avaliacón clínica da DMD. “The Brooke Lower Extremity Functional Classification” (Anexo 6), está baseada na escala de Vignos pero únicamente avalia a función dos membros inferiores. Para levar a cabo esta valoración realízanse unha serie de probas cronometradas para estadificar o nivel no que se atopa o paciente con DMD. Esta clasificación divídese en 10 niveis, segundo o que o paciente, é ou non capaz de realizar (63,64). Os participantes do estudio debén posicionarse nos niveis 1, 2 ou 3. No nivel 1, o individuo pode camiñar e subir catro escalóns sen axuda, no nivel 2, o individuo pode camiñar e subir catro escalóns agarrándose o pasamáns en menos de 12 segundos e, no nivel 3, o individuo pode subir lentamente catro escalóns agarrándose o pasamáns en máis de 12 segundos (18).

- **mMRC**

O sistema do Consello de Investigación Médica de Gran Bretaña (MRC) considérase a escala

máis coñecida para cuantificar a forza muscular utilizando a proba muscular manual (MMT) (65). Esta escala está validada a nivel clínico e proporciona puntuacións fiables, cando as probas se repiten polo mesmo examinador nos grupos musculares que se atopan débiles nos pacientes con DMD (66). A escala MRC gradúa a forza muscular de 0 a 5, de acordo coa forza máxima esperada para un determinado músculo (67). Non obstante, existe unha escala modificada da MRC, coñecida como “Modified Medical Research Council” ou mMRC (Anexo 7), que se adapta maiormente á contorna clínica (63), xa que inclúe o rango de movemento dentro da avaliación, conseguíndose uns resultados más específicos. Desta maneira, na escala modificada, os graos 3, 4 e 5 subdivídense en 5, 5-, 4+, 4, 4-, 3 + , 3, 3 - (66). Neste estudo, tendo en conta os grupos musculares más afectados, avaliaremos a forza nos flexores e extensores de cadeira, nos flexores e extensores de xeonlllo, nos flexores dorsais e plantares dos nocello e nos inversores e eversores de nocello.

- **Goniometría**

Para avaliar os rangos de movemento, primeiro valoramos o ROM activo e despois o ROM pasivo cun goniómetro universal. Nas mobilizacións activas, o paciente é quen realiza o movemento, e as mobilizacións pasivas levaraas a cabo o fisioterapeuta para observar, a resistencia ao movemento e a sensación ao final do rango. As medidas, neste estudo, tomaranse na articulación da cadeira, do xeonlllo e do nocello. A posición do goniómetro estableceuse seguindo un protocolo estándar descrito pola “Academia Americana de Cirujanos Ortopédicos (68)”.

- **Electromiografía de superficie**

Para levar a cabo a medición da fatiga muscular, utilizarase o equipo de electromiografía de superficie inalámbrico “Mini Wave EMG de superficie” (Cometa wave, IT) (50). A través da EMG de superficie mediremos a fatiga muscular de MMII a través dunha contracción isométrica máxima voluntaria nos músculos tibial anterior, recto femoral, vasto lateral, bíceps femoral, semitendinoso, gastrocnemios, sóleo e glúteo medio antes de realizar o test de 6 MWT e despois do mesmo. Os sinais da EMG de superficie filtraranse con paso de banda (10-500 Hz) e serán mostreadas a 1000 Hz (69), utilizando unha sonda de EMG de superficie inalámbrica (50). Ademais, utilizaranse eléctrodos bipolares de Ag/AgCl prexelificados na localización recomendada pola SENIAM (ver táboa 1), cunha distancia fixa entre eléctrodos de 20 mm. Os músculos que avaliaremos neste estudo serán: tibial anterior, recto femoral,

vasto lateral, bíceps femoral, semitendinoso, glúteo medio, gastronemio medial, gastronemio lateral e sóleo (50,69,70).

*Figura 1. Equipo de electromiografía y électrodo*



- **Medida de la frecuencia de caídas:**

Diario de caídas semanais. Realizarase a través dun diario de caídas semanais (ver Anexo 8). Recollerase un primeiro rexistro durante o primeiro mes de toma de datos. Posteriormente á intervención solicitaráselle de novo ás familias o rexistro, coa finalidade de avaliar se hai cambios na frecuencia.

- **PEM-CY**

O PEM- CY(Anexo 9) é un cuestionario para as familias ou para o cuidador principal de nenos e nenas entre cinco e dezasete anos, con ou sen discapacidade, que examina a participación e a contorna en actividades do fogar, da escola e da comunidade (51).

Esta ferramenta está composta de 25 ítems; 10 ítems correspóndense con participación no fogar; 5 ítems correspóndense coa participación na escola; e 10 ítems miden a participación na comunidade. Para cada ítem, o cuidador informa sobre, a frecuencia de participación, sendo 0 “nunca” e 7 “a diario”; o nivel de involucramento na participación, sendo 1 “participación mínima” e 5 “gran participación”; e se existe o desexo de cambiar a participación do neno (0 “non”, 1 “se”) e en que aspecto precisan este cambio, na frecuencia, nivel e/ou variedade (51).

Tamén se pregunta aos pais se existen certas axudas ou barreiras na contorna que inflúan na participación do seu fillo en determinadas actividades. Por último, pregúntaselles sobre a

adecuación e disponibilidade percibida dos recursos de apoio (51).

- **Módulo neuromuscular PedsQL™**

O módulo neuromuscular de PedsQL™ (Anexo 10) consta de tres dimensíons sobre a percepción que os pais teñen sobre a calidade de vida dos seus fillos. As dimensíons son: problemas que xera a enfermidade, problemas relacionados coa comunicación e problemas no funcionamento familiar (52).

Está composta por 17 ítems que se corresponden cos problemas que xera a enfermidade, 3 ítems relacionados cos problemas relacionados coa comunicación e 5 ítems que avalían os problemas no funcionamento familiar. As respostas son de tipo Likert con cinco opcións: desde 0 ('nunca') a 4 ('case sempre') (52).

A puntuación do cuestionario transfórmase á escala de 0 a 100, e dase un valor de 100 á resposta 'nunca', 75 a 'case nunca', 50 a 'ás veces', 25 a 'frecuentemente' e 0 a 'case sempre'. O cálculo das puntuacións por dimensíons efectúase dividindo a suma das puntuacións dos ítems polo número de ítems respondidos (52).

#### 9.9.1.2 Protocolo de avaliación

Antes de comenzar coa avaliación a familia do/a neno/a será informada deste proceso. Tras a selección dos/as nenos/as para participar no estudo e a súa correspondente aleatorización en dous grupos, presentarase o fisioterapeuta que avaliará aos participantes.

En primeiro lugar recolleranse os datos sociodemográficos de cada participante, como son, a idade, o peso e altura dos mesmos. Tras isto, procederase a avaliar as variables de medición descritas no apartado anterior. Estas variables serán medidas en catro ocasións: anteriormente á intervención, na metade do programa, o último día da intervención e dous meses posteriores á finalización do programa.

No comezo das catro avaliacións, os pais/coidadores han de entregar ó fisioterapeuta encargado de levar a cabo as avaliacións, a medida de frecuencia das caídas, que se explicou como se cubría na reunión presencial coas familias; o cuestionario de participación PEM-CY, puntuando a frecuencia, o nivel de participación e o desexo de cambio na participación dos/as

fillos/as nos diferentes ítems que componen; e o cuestionario PedsQL™ que valora a calidade de vida nas tres dimensións que se explicaron con anterioridade.

A continuación, ese mesmo fisioterapeuta realizará a avaliación da función dos membros inferiores a través da escala “The Brooke Lower Extremity Functional Classification” (Anexo 6). Empezarase a avaliar polo nivel un, e se o paciente o completa, ese será o seu nivel. Se o paciente non completa a proba, anótase unha “T” no formulario e pasaremos ao seguinte nivel, e así co resto de niveis. Como nos criterios de inclusión do estudo especifícase estar no nivel un, dous ou tres, únicamente precisaremos un corredor longo e unhas escaleiras con varanda, xa que as probas consisten en camiñar e na subida e baixada de escaleiras.

Posteriormente, valorarase a capacidade de deambular mediante a avaliación dos ítems que se describe detalladamente na escala NSAA (Anexo 4). Como se explicou no apartado anterior, tamén valoraremos os ítems cronometrados que forman parte da NSAA. Os “Time Function Tests” realizaranse na seguinte orde: camiñar/correr 10 metros, subir e baixar catro escaleiras, levantarse do chan e poñerse de pé. Para a levar a cabo a realización da NSAA, necesitaríamos un escalón, unha cadeira con respaldo e a poder ser sen repousabrazos, unha esteira e un cronómetro.

A continuación, aguardando 15 minutos de descanso, avaliaremos a fatiga muscular de MMII co equipo de electromiografía de superficie que se mencionou anteriormente (50). A colocación dos eléctrodos para cada músculo recóllese na táboa 3. Os cables deben fixarse con cinta adhesiva posteriormente á preparación da pel. A preparación da pel consiste na depilación da zona, se o paciente ten moito belo, limpar a pel con alcol e deixar que o alcol se vaporice para que a pel estee seca antes de colocar o sensor. Unha vez conectados os eléctrodos ao aparello, pedimos ao paciente que camiñe ao longo do corredor duns 10 metros aproximadamente e cuantificamos os valores da máxima contracción voluntaria isométrica de cada músculo previamente a realización de exercicio.

Táboa 3. Colocación dos eléctrodos na EMG de superficie (71)

MÚSCULO	COLOCACIÓN DOS ELÉCTRODOS
Tibial anterior	Terzo superior da liña entre a cabeza do peroné e o maléolo medial.
Recto femoral	Na metade da que une a espiña ilíaca anterior e a parte superior da rótula
Vasto lateral	Terzo inferior da liña que vai da espiña ilíaca anterior á cara lateral da rótula
Bíceps femoral	Na metade da liña que une a tuberosidade isquiática e o epicóndilo lateral da tibia.
Semitendinoso	Na metade da liña que une a tuberosidade isquiática e o epicóndilo medial da tibia.
Gastrocnemio medial	Na zona más prominente do ventre muscular
Gastrocnemio lateral	Na zona más prominente do ventre muscular
Sóleo	Terzo inferior da liña entre o cóndilo medial do fémur e o maléolo medial.
Glúteo medio	Na metade da liña que vai da crista ilíaca ao trocánter maior.

Tras isto, continuaremos co test de camiñata de 6 minutos modificada ou 6MWT, para valorar a mobilidade funcional e o acondicionamento/rendemento físico. Levarase a cabo nun corredor de 30 metros, libre de obstaculos, e necesitaremos unha cadeira, un pulsioxímetro, a escala de Borg modificada (puntuación de 0-10) para fatiga de MMII e disnea impresa (Anexo 11) (72). Para comenzar, o paciente colocarase nunha cadeira con calzado cómodo, mentres visualiza o vídeo de orientación que comentamos con anterioridade. Neste momento o fisioterapeuta debe rexistrar a saturación de osíxeno, a fatiga de MMII e disnea en repouso. Posteriormente o fisioterapeuta deberá recordarlle que camiñe, pero sen chegar a correr, durante 6 minutos. Tamén deberá indicarlle que pode parar se o precisa e que se presenta dor no peito ou sensación de mareo deterase a proba. Mentres realiza a proba, o fisioterapeuta camiñará detrás do avaliado por seguridade pero sen influir na súa velocidade e proporcionaranse estímulos verbais estandarizados (57) en cada minuto para guiar e animar ao paciente (73) . Ao final da proba rexistrouse a distancia percorrida polo/a neno/a e volviuse a medir, a saturación de osíxeno, a fatiga de MMII e disnea.

Ao finalizar a proba de 6MWT volvemos avaliar a contracción voluntaria posterior ao exercicio ao longo do corredor de 10 metros, coa EMG de superficie, para poder comparar os cambios na fatiga muscular de MMII.

Tras isto, haberá un descanso de 30 minutos e continuaremos coas probas de equilibrio realizando os 14 ítems da escala PBBS (Anexo 5). Precisaremos unha cadeira, un escalón e un cronómetro.

Para rematar, mediremos a forza muscular e os rangos de movemento nos grupos musculares anteriormente citados. Primeiro valoraremos a mobilidade articular activa e pasiva a través de goniometría e segundo o protocolo estandarizado da “Academia Americana de Cirujanos Ortopédicos”, que se amosa na táboa 4. A forza muscular avaliarase coa escala mMRC (Anexo 7), utilizando as posicións descritas na táboa 5.

Táboa 4. Protocolo estandarizado para a avaliação do rango de movemento (68)

Movimento explorado	Posición do paciente	Colocación do pivote
Flexión de cadeira	Decúbito supino	Trocánter maior
Extensión de cadeira	Decúbito prono	Trocánter maior
Abducción-aducción de cadeira	Decúbito supino	Punto anterior da articulación da cadeira
Rotación interna-externa de cadeira	Sedestación	Tuberossidade tibial anterior (TTA)
Flexión de xeonllo	Decúbito prono	Cóndilo femoral lateral
Extensión de xeonllo	Decúbito supino	Cóndilo femoral lateral
Flexión dorsal de nocello	Decúbito supino	Maléolo lateral
Flexión plantar de nocello	Decúbito supino	Maléolo lateral

Táboa 5. Músculos valorados con respecto ao rango articular e a forza muscular (63,74)

Músculos valorados	Posición do paciente
Flexores de cadeira	Sedestación con flexión de xeonllo e cadeira de 90º.
Extensores de cadeira	Decúbito prono, con cadeiras e xeonllos en extensión
Flexores de xeonllo	Decúbito prono.
Extensores de xeonllo	Sedestación con flexión de xeonllo e cadeira de 90º.
Flexores dorsais de nocello	Decúbito supino co nocello relaxado e as cadeiras e os xeonllos en extensión
Flexores plantares de nocello	Decúbito supino co nocello relaxado e as cadeiras e os xeonllos en extensión
Inversión de nocello	Sedestación con flexión de xeonllo e cadeira de 90º.
Eversión de nocello	Sedestación con flexión de xeonllo e cadeira de 90º.

Todo o proceso de evaluación realizarase nas instalacións (salas, laboratorios, corredores, etc.) da Facultade de Fisioterapia da Universidade de A Coruña. A persoa encargada de levar a cabo este proceso será, un ou unha fisioterapeuta especializado/a na fisioterapia pediátrica. Este/a fisioterapeuta non realizará ningún tipo de intervención xa que, estarán cegados á asignación dos grupos e ao estado inicial dos nenos/as.

### 9.9.2 Intervención

#### 9.9.2.1 Descripción dos instrumentos de intervención

- Ótesis

Nestes pacientes que ainda manteñen a fase ambulatoria, utilizaranse ótesis AFO no descanso nocturno como parte do tratamiento. Os AFOs abarcan o nocello e o pé e, están compostos de polietileno de alta densidade. Estas ótesis de uso nocturno axudan a manter o rango de movimiento do nocello, diminúen as contracturas en flexión plantar na articulación do nocello e reducen a aparición do pé equino e as consecuencias que isto carrexa na marcha. Con isto, mellorarase a calidade e a estabilidade da deambulación destes pacientes (1,11,40).

Figura 2. AFOS



- Estiramentos musculares

Os estiramentos musculares son necesarios para evitar a aparición de contracturas nas articulacións de cadeira, xeonlllo e nocello. A presenza de contracturas ten consecuencias negativas sobre os pacientes con DMD que se atopan en fase de deambulación, xa que ao pouco tempo de instaurarse, van provocar que estes perdan a capacidade de camiñar. Nas sesións levaremos a cabo estiramentos activos, activo asistidos e pasivos (1,11).

- Actividades funcionais


Para evitar nos pacientes con DMD, a atrofia por desuso e outras complicacións secundarias de inactividade, é necesario que os nenos e nenas, participen en actividades funcionais submáximas e regulares. Neste caso, realizaremos andainas en exteriores (1).

- Tapiz rodante

Para o traballo da marcha utilizaremos o tapiz rodante “*h/p/cosmos locomotion*”. O tamaño da superficie de marcha e de 1,50 metros por 0,50 metros. A velocidade máxima que acada é de 10 km/h e a elevación máxima é de un 15%. O peso do paciente para traballar co tapiz rodante “*h/p/cosmos locomotion*”, non pode superar os 200kg. Elixíuse este tapiz porque, dispón de barras laterais axustables facilmente en altura e anchura, para adaptarnos as características dos nenos e nenas co obxecto, de facilitar o traballo de rehabilitación. Esta cinta de marcha pode xirarse bidireccionalmente, para poder realizar tamén exercicios baixando unha pendente ou mirando cara a cara ao fisioterapeuta, para facer simultaneamente outros

exercicios. Ademais posúe asentos regulables, para que o fisioterapeuta poida traballar con comodidade a axuda manual do paso do paciente, e un mando a distancia para controlar a velocidade e a pendente dende calquera posición (33,75,76).

*Figura 3. Tapiz rodante*



- Exercicios de equilibrio

Os exercicios de equilibrio son aqueles que empregan diferentes posicións corporais e superficies de sustentación, que consigan xerar desestabilizacións e así, conseguir mellorar o equilibrio estático e dinámico. Con estes exercicios, aumentamos a intensidade e velocidade de contracción de grupos musculares encargados das estratexias de control motor e relacionados co mantemento da postura e dos movementos específicos. Por outra banda, as superficies inestables potencian a activación de maneira coordinada e inconsciente do órgano da vista, do oído interno, da sensibilidade profunda e do sistema nervioso central. Co adestramento desta acción convulta e inconsciente, observaremos beneficios sobre a capacidade de equilibrio, nas condicións cambiantes do entorno exterior (35). Incluíronse exercicios en bipedestación, xa que é o que queremos mellorar nos pacientes con DMD que participan neste estudio. Moitos destes exercicios simulan algunas das actividades da vida diaria, nas cales o neno ou nena pode atoparse con dificultades para manter a estabilidade e chegar a caer (38,77).

- Exercicios de Core

Os exercicios de Core tamén denominados exercicios de Jeffreys (78), incluiranse neste programa para mellorar a eficiencia do sistema neuromuscular e lograr unha mellor artrocinemática e unha mellor estabilización do complexo lumbopelvico-cadeira. Para realizar estes exercicios levaranse a cabo contraccións musculares, en posicións estáticas e dinámicas, a diferentes velocidades, realizadas en bases estables e progresando cara a bases más inestables. Con estos exercicios melloraremos a propriocepción lumbo-pélvica e a forza muscular dos músculos que conforman o Core e, ademais conseguiremos mellorar a estabilidade postural da pelve e a parte inferior do tronco, que dará como resultado unha maior capacidade de equilibrio estático e dinámico (36,38).

#### 9.9.2.2 Protocolo de intervención

Os participantes distribuiranse de maneira aleatoria en dous grupos:

- Grupo control: este grupo realizará a intervención de fisioterapia habitual, que se compón de estiramentos, actividades funcionais e colocación de órtesis.
- Grupo de intervención: este grupo realizará a intervención de fisioterapia habitual, e ademais, levará a cabo o programa específico de equilibrio e marcha.

As sesións tanto, do grupo control como do grupo de intervención, realizaranse tres días á semana, en días alternos na Facultade de Fisioterapia. O tempo de tratamiento para o grupo control será de 20 minutos e o do grupo de intervención será de 75 minutos.

As sesións tanto do grupo control como do grupo intervención serán individuais e as familias non estarán presentes á hora do tratamiento, para evitar que saibam á que grupo de tratamiento pertencen os seus fillos/as (dobre cego), pero poderán esperara fóra da sala de tratamiento por se puidese pasar calquera contratempo. Ademais, queremos conseguir unha boa adherencia ao tratamiento e, para iso os exercicios que realicemos, teñen que estar baseados no xogo (34). Para levar a cabo tratamiento, realizarase con unha temática específica, que neste caso, tratarase do videoxogo “Súper Mario”. Simularase que cada exercicio é unha pantalla do videoxogo e terán que conseguir superala. Os pacientes poderán elixir o personaxe do xogo de Mario cada día. Ademais, os nomes dos exercicios estarán adaptados e en consonancia co xogo.

A intervención estruturarase da seguinte maneira segundo se pertenza ao grupo intervención ou o grupo control:

Figura 4. Protocolo de intervención



Comezarase co programa do grupo control:

- O primeiro día de tratamiento, instruirase a todas familias dos participantes do estudo, da correcta colocación das órtesis nocturnas.
- A continuación, ambos grupos comenzarán cos estiramentos pasivos, activo-asistidos e activos cunha duración de 10 minutos. Estes estiramentos realizaranse nos flexores de cadeira, nos flexores de xeonllo, no tensor da fascia lata e no tríceps sural. Os estiramentos activos explicaranse ós pacientes mediante unha representación por parte do fisioterapeuta e serán reforzados mediante imaxes impresas.
- Posteriormente, realizarase traballo de marcha polo paseo e pola praia de Oza, durante 10 minutos, a unha intensidade leve-moderada, sobre terreo chan e sobre a area. O paciente irá acompañado do fisioterapeuta.
- Tras isto os participantes do grupo intervención comenzarán co programa de equilibrio e marcha proposto e o grupo control agardará nunha sala da facultade, para que se manteña o dobre cego e, as familias non saiban a que grupo pertence.

O protocolo do grupo de intervención será o seguinte

Non será necesario realizar un quecemento específico para o grupo intervención porque, o que se incluiría nesta primeira parte, serían estiramentos e camiñar cara adiante e, como o tratamiento do grupo control inclúe isto, pasaremos directamente a parte principal do programa de fisioterapia de equilibrio e marcha.

➤ Parte principal:

○ Traballo de marcha

Na cinta rodante, o neno colocarase en bipedestación mirando cara adiante, onde haberá un espello. O fisioterapeuta adapta as varandas á altura do paciente e indica ao mesmo que, en caso de dor, fatiga ou dificultade para respirar, deteremos o exercicio. A continuación, o fisioterapeuta pon en marcha a cinta. Nas primeiras sesións corrixiranse posibles alteracións nas diferentes fases da marcha dos pacientes e, para isto, a cinta de marcha inclúe uns asentos regulables que permiten ao fisioterapeuta, traballar máis comodamente cando se require axuda manual do paso. A súa vez, para aumentar a atención do/a neno/a, o profesional acompañará a intervención manual con instrucións verbais adecuadas a cada caso.

O adestramento en cinta rodante realizase cunha inclinación de cero graos e unha velocidade do 75% da velocidade que o/a neno/a camiña habitualmente. Para calculala usaremos os resultados do test 6 MWT. Para iso, dividimos o número de metros que percorreu no test divido entre os 6 minutos, o resultado será a velocidade. Para introducir a velocidade da cinta, faremos o 75% dessa cantidade(33).

O tempo na cinta rodante será de 20 minutos. Cada minuto o participante ha de repetir a seguinte secuencia: durante 15 segundos, o neno poderá agarrarse ás varandas con ambas mans; durante os seguintes 15 segundos, cunha man e, finalmente sen mans nos pasamáns durante 30 segundos. Cada neno repetiu este procedemento 20 veces (38).

Para incluír este exercicio na temática de Súper Mario, neste caso imos “xogar ao Mario Kart”. Cada neno/a escollerá o nome do seu vehículo que, neste caso é a cinta rodante e, ao rematar o adestramento simularemos a liña de meta onde lle poremos unha medalla.

- Exercicios de equilibrio (37)

- Pisando as tartarugas de Bowser: A posición inicial do paciente será en bipedestación. Dende aí colocarase un escabel diante del e pedíremoslle que se suba a el con apoio monopodal. Nesta posición deberá aguantar 5 segundos.
- Atrapando aos champiñóns de Toad: A posición inicial do paciente será en bipedestación con posición de tandem. Colocarase diante paciente un aro a unha distancia considerable e detrás un cono. O exercicio consiste, en alcanzar o aro cun dos MMSS e encestar o aro no cono. Cando o paciente colla o aro prodúcese a unha desestabilización anterior do tronco e, cando o posiciona dentro do cono, prodúcese unha rotación de tronco cunha desestabilización posterior do tronco.
- Ceo de grandes nubes: A posición inicial do paciente será en bipedestación. Dende esa posición solicitaframnos un apoio monopodal con elevación dos membros superiores. A elevación dos MMSS será resistida portando entre as mans un balón medicinal.
- Recolle moedas: A posición inicial do paciente será en bipedestación e colocarase

diante del, un bloque. Posteriormente pediráselle un apoio monopodal e dende esa posición, deberá coller un bloque do chan cos MMSS en flexión de 90º e os cóbados en extensión.

- **Coidado coas balas:** A posición inicial do paciente será en bipedestación. Dende aí pediráselle que estenda a cadeira cara atrás, o máis arriba que poida, coa xeonlo lixeiramente en extensión e, ao mesmo tempo que incline o corpo cara a adiante. Ademais, o paciente deberá estender os membros superiores cara diante en flexión e os cóbados en extensión.
- **Deserto ardente:** Marcarase un círculo con conos. O paciente deberá camiñar cara adiante ao redor dos conos. Cando escoiten unha palmada, deberán cambiar de sentido. Se andan no sentido das agullas do reloxo, deberán cambiar a sentido antihorario, e viceversa.
- **Agóchate das momias:** O paciente deberá camiñar en diferentes direccions ao ritmo da música. Cando deixe de soar a musica, terán que pararse na posición que eles elixan, ata que a música volva soar.
- **Cañón montañoso:** Tratase de unha carreira de obstáculos. Colocarase un escalón, un cono e un aro. Primeiro terán que sobrepassar o escalón, despois dar un xiro de 360º ao cono e sobrepassalo e, por último, saltar o aro. O circuíto realizarase camiñando cara adiante.

*Figura 5. Exercicios de equilibrio.*



Cando un participante consiga realizar o exercicio sen ningunha dificultade, iremos progresando na mesma (37). Para unificar isto en todos os participantes, realizaremos o seguinte:

*Táboa 6. Progresión dos exercicios de equilibrio*

EXERCICIO	PROGRESIÓN
1 “Pisando as tartarugas de Bowser”	A realización do exercicio será a mesma pero cando teñamos que permanecer os 5 segundos enriba do step farase con ollos pechados.
2 “Atrapando os champiñóns de Toad”	A realización do exercicio será a mesma pero realizarémolo sobre un tapete para aumentar a base inestable. Tamén se separarán os obxectos (aros e cono) da posición do participante
3 “Ceo de grandes nubes”	A realización do exercicio será a mesma pero cos ollos pechados.
4 “Recolle moedas”	A realización do exercicio será a mesma, pero sobre un tapete, para engadir unha base inestable
5 “Coidao coas balas”	A realización do exercicio será a mesma, pero sobre un tapete e aumentando a velocidade da realización.
6 “Deserto ardente”	A realización do exercicio será a mesma, pero

		aumentarase a velocidade.
7	“Escóndete das momias”	A realización do exercicio será a mesma, pero aumentarase a velocidade.
8	“Canón Montañoso”	A realización do exercicio agora será camiñando cara atrás e sobre un tapete para aumentar a inestabilidade.

Os exercicios no tapete realizaranse descalzos e sen calcetíns.


Os exercicios de equilibrio han de realizarse en 10 minutos. Realizaremos 3 repeticións de cada exercicio.

- Exercicios de Core (35,38,78)
  - A ponte: o paciente posicionarse inicialmente en decúbito prono sobre unha esteira. Posteriormente, apoiará os antebrazos na esteira cos cóbados en flexión de 90º e aliñados cos ombreiros. Cando estean correctamente posicionados, levantará a pelve do plano da esteira e manterá en posición neutra co abdome contraído. O corpo ten que trazar un liña recta dende a pelve ata os ombreiros.
    - 3 series de 20 segundos
  - Super Mario Hélice: o paciente posicionarse inicialmente en decúbito prono sobre unha esteira. O paciente colocará os MMSS en ABD de 90º apoiados no chan. Dende está posición, separará as mans do plano de apoio, aproximando as escapulas.
    - 3 series de 20 repeticións
  - Mario Superman: o paciente posicionarse inicialmente en cuadrupedia sobre unha esteira cos xeonlllos e coas cadeiras aliñados, é dicir, con flexión de cadeira e xeonlllos de 90º. A continuación, flexionamos un MMSS cara adiante e esténdemos a perna contraria cara atrás. Hai que conseguir que, o MMSS e o MMII que se atopan estendidos, estean aliñados.
    - 3 series de 10 repeticións con cada MMSS e MMII levantado
  - Levantando a bandeira: o paciente posicionarse inicialmente en posición de

crequenas. Tras isto, facilitámoslle unha pelota e agarraraa coas mans. Dende aí, o paciente terá que elevar os MMSS por enriba da cabeza, coa máxima antepulsión de ombreiros posibles.

- 3 series de 20 repeticións
  
- **Patada a Goomba:** o paciente posicionarase inicialmente en decúbito supino sobre unha esteira. Ademais deberá posicionar os pes sobre un fitball, de maneira que as cadeiras e os xeonllos se sitúen en flexión de 90º. Nesta posición, o paciente elevará as cadeiras do plano de apoio e contraerá os glúteos, para evitar que a pelve caia cara abaiixo. O corpo terá que formar unha liña recta dende os xeonllos ata os ombreiros.
  - 3 series de 10 repeticións con cada perna.

*Figura 6.Exercicios de Core.*



Os exercicios de Core, como os de equilibrio, foron denominados con nomes relacionados cos xogos do Súper Mario, para que fosen más atractivos e aumentase o grado de participación no tratamiento. Estes exercicios han de realizarse en 10 minutos.

As figuras que detallan a realización de cada exercicio e, todas as fotos a menores incluídas neste estudo, están permitidas pola sinatura do consentimento de Imaxes a menores (Anexo 12).

➤ Volta a calma:

Esta última parte terá un duración de 5 minutos. O paciente sentarase nunha cadeira para recuperar as constates vitais e para observar si aparecen síntomas como dor ou mareos.

#### 9.10 Análise estatística dos datos

Para a obtención dos resultados deste estudio levarase a cabo a análise estatística dos datos e para iso utilizarase o programa estatístico SPSS (IBM SPSS Statistics versión 24.0).

En primeiro lugar, analizaranse as variables descriptivas da mostra: xénero, idade, peso, altura e o nivel funcional segundo a escala “The Brooke Lower Extremity Functional Classification”. A continuación, realizarase unha análise das variables que avaliamos durante o estudo. Estas variables divídense en continuas e discretas. Forman parte das variables continuas o rango articular e a fatiga muscular. Por outra banda, inclúense dentro das variables discretas do estudo: capacidade de deambulación, función de MMII, forza muscular, equilibrio, participación e calidade de vida. O seguinte paso é comprobar se as variables seguen unha distribución normal e se a mostra é homoxénea. Se isto é así, utilizaremos unha proba paramétrica de análise de varianza de medidas repetidas (ANOVA- MR) para cada variable do estudo. Así, pescudarase os efectos da intervención en cada variable.

No ANOVA- MR teranse en conta un factor inter-suxeto, con dous niveis correspondentes a cada grupo do programa (control e intervención) e un factor intra-suxeto, con catro niveis correspondentes a cada unha das avaliacóns realizadas (anteriormente á intervención, na metade do programa, o último día intervención e un mes posterior á finalización do programa)

Considerando que nos enfrentamos a múltiples repeticións da análise, a corrección de Bonferroni realizarase despois de aplicar ANOVA- MR. O tamaño do efecto do estudo calcularase mediante o  $d$  de Cohen. Os datos obtidos nos resultados estarán reflectidos a través, da media e desviación típica, aceptándose a significación estatística cando o valor de  $p$  sexa inferior a 0,05.

## 9.11 Limitacións do estudo

Aínda que co presente proxecto de investigación se pretende guiar futuras investigacións deste campo, mostra algunas limitacións que, haberá que considerar á hora de interpretar os resultados:

- O perfil de paciente con DMD incluído neste estudo está limitado en idade e nivel de funcionalidade. Polo tanto, moitos dos resultados deste estudo, non serán aplicables a outros nenos e nenas con DMD que non reúnan as ditas características.
- Existen limitacións coa escasa evidencia sobre o número de series e repeticións nos programas de core e equilibrio e, con respecto ao tipo, intensidade, frecuencia e duración das actividades funcionais.
- A progresión nos exercicios de equilibrio propostos no programa do grupo de intervención dependerá en todo momento da evolución de cada paciente. Con todo, esta evolución será diferente en cada individuo.

## 9.12 Cronograma e plan de traballo

Todo o proceso para levar a cabo este programa terá unha duración de, aproximadamente dous anos, comprendidos entre febreiro de 2023 e xaneiro de 2025. Primeiramente, planificarase o deseño da intervención e o seu correspondente desenvolvemento, cunha duración estimada, de tres meses aproximadamente. Tras isto, solicitarase a autorización ao Comité de Ética de Investigación Clínica de Galicia (CEIC) para levar a cabo o devandito estudo (Anexo 13), enviarase á Facultade de Fisioterapia unha solicitude para a realización das avaliaciós e da intervención nos seus laboratorios (Anexo 14) e mandaremos tamén, unha solicitude de colaboración no recrutamento de pacientes ao CHUAC (Anexo 15). Todo este proceso terá unha duración aproximada de dous meses.

Posteriormente, durante os tres meses seguintes, realizarase a difusión do programa para o recrutamento dos nenos e nenas participantes e a recollida do consentimento informado. No mes de setembro levarase a cabo a primeira avaliación. O grupo control e o grupo intervención empezarán o programa de fisioterapia correspondente, en cada caso, o 2 de outubro de 2023. A intervención terá unha duración de seis meses, dende outubro de 2023 a marzo de 2024. Durante o mes de xaneiro de 2024, á metade de intervención, realizarase a segunda avaliación, utilizando un día de tratamiento para a devandita avaliación.

Unha vez rematada a intervención, realizarase a terceira avaliación dos/as nenos/as, e 2 meses despois, levarase a cabo a última valoración do estudo. Desta maneira, poderemos tirar conclusións sobre os resultados a curto e longo prazo. Ao finalizar todas as evaluacións, procederase á análise dos datos para emitir os resultados cunha duración de tres meses. Cando se publiquen os resultados realizarase unha reunión coas familias, para lles comunicar os resultados e que coñezan as posibilidades de tratamento para os seus fillos.

Para finalizar o desenvolvemento do programa confeccionarase o artigo científico nos dous seguintes meses e, a súa posterior publicación e difusión á comunidade científica e profesional.

Na táboa 7, esquematízase o cronograma e o plan de traballo.

Táboa 7. Cronograma e plan de traballo

Ano	2023												2024												
Mes	Fe	Mar	Ab	Ma	Jun	Ju	Ag	Se	Oc	No	Di	En	Fe	Mar	Ab	Ma	Jun	Ju	Ag	Se	Oc	No	Di	En	
Deseño do estudo																									
Solicitud ao Comité de Ética e a Facultade de Fisioterapia																									
Difusión do estudo																									
Recrutamento de pacientes																									
Sinatura consentimento informado																									
1ª avaliação																									
2ª avaliação																									
3ª avaliação																									
4ª avaliação																									
Intervención																									
Análise dos datos																									
Elaboración de conclusiones																									
Presentación de resultados																									
Elaboración artículo científico e difusión																									

### 9.13 Aspectos ético-legais

O presente estudo será levado ao Comité de Ética de Investigación Clínica de Galicia (CEIC), para que autoricen a súa realización. Ademais, réxese e respecta a normativa correspondente aos principios éticos da resolución actual da declaración de Helsinqui do ano 2013, relativos aos dereitos humanos e a bioética. Así mesmo, da cumprimento ao artigo 3 da Lei 14/2007, do 3 de xullo, de investigación biomédica española.

Toda a información en relación coa intervención proposta (procedemento, obxectivos, efectos positivos e negativos, etc.) estará recollida nunha folla de papel (anexo 2) que se entregará ás familias dos participantes. Así mesmo, entregarase o consentimento informado aos pais ou tutores dos nenos e nenas para a súa sinatura. Este consentimento informado (Anexo 3) é unha folla que cumpre coa Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica.

Os datos correspondentes a cada participante serán confidenciais e esta confidencialidade garantírase a través da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Permitirase o acceso a estes datos única e exclusivamente aos investigadores que traballen no estudo. A información estará gardada nun cartafol con contrasinal de acceso que será cambiado cada mes do estudo. Todos os datos eliminaranse cinco anos despois da finalización do estudo.

